

## 6

## Numerais e indefinidos

PLAN DE MELLORA. Ficha 1

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## LEMBRA

- Os **numerais** son palabras que expresan cantidade ou orde de maneira precisa. Os numerais poden ser **cardinais** (expresan cantidades exactas) ou **ordinais** (indican a posición dun elemento dentro dun conxunto ordenado).
- Os **indefinidos** son palabras que expresan cantidade ou nomean algo de xeito inexacto.

## 1 Subliña de vermello os numerais e de azul os indefinidos deste texto.

O meu irmán xogou onte o sexto partido do campionato de baloncesto. Gañaron, pero por pouca diferenza: soamente dous puntos! Agora mesmo teñen tres equipos por diante na clasificación. Pero se gañan todos os partidos pendentes, áinda teñen algunha posibilidade de acabar como primeiros clasificados do seu grupo.



## 2 Copia os numerais anteriores segundo a clase á que pertenzan.

Cardinais \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_

Ordinais \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_

## 3 Copia as oracións escribindo o ordinal que lle corresponde a cada cifra.

- Paulo é o 1.<sup>º</sup> alumno na lista. ► *Paulo é o primeiro alumno na lista.*
- O teu amigo Luís vive no 6.<sup>º</sup> piso. ► \_\_\_\_\_
- Hoxe é o meu 11.<sup>º</sup> aniversario. ► \_\_\_\_\_
- Marcos chegou en 3.<sup>º</sup> lugar. ► \_\_\_\_\_

## 4 Completa co indefinido axeitado.

- Non quedaba \_\_\_\_\_ vaso limpo na lacena.
- Pedireille os apuntamentos a \_\_\_\_\_ dos compañeiros da clase.

## 6

## A acentuación

PLAN DE MELLORA. Ficha 2

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**

Cando pronunciamos unha palabra, sempre hai unha sílaba que soa máis forte ca as outras. A sílaba que soa máis forte nunha palabra é a **sílaba tónica**; as outras **sílabas** son átonas.

Nalgúnsas palabras, a sílaba tónica márcase poñendo sobre a súa vogal un signo chamado **acento gráfico**.

**1** Arrodea a sílaba tónica nas seguintes palabras.

calcetín

móvel

helicóptero

fábrica

café

lapis

verniz

porta

pantalóns

margarida

**2** Escribe cada palabra no seu lugar tendo en conta que cada casa é unha sílaba e que a casa sombreada corresponde á sílaba tónica.

camaleón



conto



xoaniña



teléfono



tobogán



árbores

--	--	--	--

--	--	--	--

--	--

--	--	--	--

--	--	--	--

--	--	--

**3** Busca e copia unha palabra desta páxina que leve acento gráfico en cada posición.

Na última sílaba

Na penúltima sílaba

Na antepenúltima sílaba

## 6

## As palabras homófonas

PLAN DE MELLORA. Ficha 3

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## LEMBRA

Son **palabras homófonas** as que soan igual, aínda que signifiquen cousas distintas. Por exemplo, *beo* (forma verbal do verbo *bear*, emitir o seu son característico as ovellas) e *veo* (te a moi fina usada para cubrir a cabeza ou a cara).


Eu beo:  
beee!




## 1 Subliña, en cada caso, a palabra homófona representada.




bota / vota



baca / vaca



vago / bago



rabo / ravo

2 Escribe o significado das palabras que non subliñaches na actividade anterior.  
Se o precisas, consulta o dicionario.

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

## 3 Completa cada oración coa palabra axeitada.

- Eu sempre \_\_\_\_\_ a cociña despois de lavar a louza. (*varro* / *barro*)
- Meu curmán, o brasileiro, \_\_\_\_\_ visitarnos mañá. (*ben* / *vén*)
- Esa ensalada con froita estache moi \_\_\_\_\_. (*voa* / *boa*)
- Grazas ao \_\_\_\_\_ aguantei ben a calor. (*abano* / *habano*).
- \_\_\_\_\_, que molesto! Non soporto o ruído desa máquina! (*hai* / *ai*)

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**

Os **adxectivos** son palabras que expresan calidades ou estados das persoas, dos animais ou das cousas. Os adxectivos están no mesmo xénero e no mesmo número ca o substantivo a que se refiren.

Os **graos** do adxectivo son tres: positivo, comparativo e superlativo.

**1 Arrodea os adxectivos e subliña os substantivos a que se refiren.**

- Ana ten unha gata branca e Brais ten un can negro.
- Necesito unhas tesouras más grandes ca estas.
- Eu teño os cabelos rizos; ti, en cambio, tes os cabelos lisos.
- Antes estaba un ceo escurísimo, pero agora vai un sol espléndido.

**2 Copia algún adxectivo dos que arrodeaches que teña os graos indicados.**

Grao positivo

Grao comparativo

Grao superlativo

---



---



---

**3 Como están? Escribe un adxectivo referido a cada debuxo.**


---



---



---

**4 Escribe tres oracións co mesmo adxectivo en grao positivo, comparativo e superlativo.**

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_


**LEMBRA**

As palabras que teñen como sílaba tónica a última chámanse **palabras agudas**.

- As palabras agudas levan acento gráfico cando rematan en **vogal**, en vogal + **s**, en vogal + **n**, en vogal + **ns**.
- As palabras agudas non levan acento gráfico cando rematan en consoante distinta de **n** ou **s** ou en ditongo decreciente (**-ai**, **-ei**, **-oi**, **-ui**, **-au**, **-eu**, **-ou**, **-iu**) seguido ou non de **-s**.

**1** Busca e escribe as seis palabras representadas.

Q	O	A	X	A	M	Ó	N	P	C
X	A	U	T	O	B	Ú	S	C	A
E	S	U	S	E	L	D	A	I	M
R	P	A	T	Í	N	S	R	R	I
S	A	N	O	A	M	T	R	N	Ó
E	V	C	B	X	C	A	O	D	N
I	V	A	L	E	T	E	Z	U	D


**2** Arrodea a sílaba tónica das seis palabras anteriores e responde.

- Que posición ocupa a sílaba tónica? \_\_\_\_\_
- Polo tanto, como son as seis palabras anteriores? \_\_\_\_\_

**3** Acentúa as palabras agudas que sexa preciso.


- Hoxe no xantar puxeron fideos, ensalada e salmon.
- Os campions do maraton escolar foron Ruben e Xose.
- Esta maña vin os saltos de trampolin na television.



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**

As **palabras derivadas** son as que se forman ao engadirlle unha partícula a outra palabra. Por exemplo, *dentista* é unha palabra derivada que se formou engadíndolle a partícula *-ista* á palabra *dente*.

**1 Relaciona cada palabra derivada coa súa primitiva.**

ferreiro	libreiro	panadeiro	papeleira	papelorio	ferradura
----------	----------	-----------	-----------	-----------	-----------

papel	ferro	pan	libro
-------	-------	-----	-------

librería	paneira	libresco	ferrería	papeleta	panadaría
----------	---------	----------	----------	----------	-----------

**2 Escribe en cada caso unha palabra derivada.**

- Persoa que prepara a comida na **cociña**. ► \_\_\_\_\_
- Tenda onde se vende todo tipo de **carne**. ► \_\_\_\_\_
- Persoa que che leva a **carta** que che enviaron. ► \_\_\_\_\_
- Máquina que serve para **lavar** a roupa. ► \_\_\_\_\_
- Lugar para gardar **coches** e carruaxes. ► \_\_\_\_\_

**3 Forma palabras derivadas seguindo os modelos.**

- flor ► *floreiro* \_\_\_\_\_
- azucré ► \_\_\_\_\_
- cunca ► \_\_\_\_\_
- cesto ► \_\_\_\_\_

- sal ► *saleiro* \_\_\_\_\_
- chave ► \_\_\_\_\_
- palla ► \_\_\_\_\_
- ficha ► \_\_\_\_\_



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**


Os **verbos** son palabras que expresan accións.

A **conxugación** é o conxunto de todas as formas dun verbo.

O **infinitivo** é a forma que utilizamos para nomear os verbos.

Todas as formas verbais constan de **raíz** e de **desinencias**.




Hai tres conxugacións: primeira (-ar), segunda (-er) e terceira (-ir).

**1 Le o texto e subliña os verbos.**

Olaia asegura que, de maior, será ximnasta profesional. Por iso acode cada mañá ao ximnasio, aos adestramentos do seu club. Ela insiste en que tanto deporte non lle resulta pesado, pero tamén admite que, ás veces, acaba o día moi cansa. Así e todo, para ela o esforzo paga a pena!

**2 Copia os verbos que subliñaches, escribe o infinitivo e a conxugación (1.<sup>a</sup>, 2.<sup>a</sup> ou 3.<sup>a</sup>).**

- |   |  |
|---|--|
| • <u>asegura</u> ► <u>asegurar</u> <span style="border: 1px solid black; padding: 2px;">1.<sup>a</sup></span> | • _____ ► _____ <span style="border: 1px solid black; padding: 2px;"><input type="checkbox"/></span> |
| • _____ ► _____ <span style="border: 1px solid black; padding: 2px;"><input type="checkbox"/></span>          | • _____ ► _____ <span style="border: 1px solid black; padding: 2px;"><input type="checkbox"/></span> |
| • _____ ► _____ <span style="border: 1px solid black; padding: 2px;"><input type="checkbox"/></span>          | • _____ ► _____ <span style="border: 1px solid black; padding: 2px;"><input type="checkbox"/></span> |
| • _____ ► _____ <span style="border: 1px solid black; padding: 2px;"><input type="checkbox"/></span>          | • _____ ► _____ <span style="border: 1px solid black; padding: 2px;"><input type="checkbox"/></span> |

**3 Que fai? Escribe, en cada caso, a forma verbal representada e o infinitivo correspondente.****4 Separa a raíz e a desinencia de cada forma verbal.**

- |                           |                    |                   |
|---------------------------|--------------------|-------------------|
| • quería ► <u>quer-ía</u> | • discutes ► _____ | • andamos ► _____ |
| • pintou ► _____          | • debateu ► _____  | • subides ► _____ |

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## LEMBRA

As palabras que teñen como sílaba tónica a penúltima chámanse **palabras graves**.

- As palabras graves levan acento gráfico cando rematan en consoante distinta de **n** ou **s**, ou en grupo consonántico distinto de **ns**.
- As palabras graves non se acentúan se rematan en **vocal**, en **vocal + n**, en **vocal + s** ou en **vocal + ns**.

- 1** Os nomes destes animais son palabras graves. Escríbeos e arrodea o que leva acento gráfico.



- 2** Escribe unha oración con cada palabra grave representada. Ollo cos acentos!




- 3** Acentúa as palabras graves que cumpra.

- Cesar esqueceu o chandal no vestiario e tivo que volver por el.
- Nestor mercou un comic novo e a nai, un automobil de segunda man.
- O album de cromos estache facil de atopar; gardeino no moble do cuarto.

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**

As **palabras compostas** son as que se formaron unindo dúas ou más palabras, como *rañaceos* (*rañar* e *ceo*).

**1 Relaciona e escribe as palabras compostas que formes.**

- |         |                   |
|---------|-------------------|
| salva • | • gotas ► _____   |
| alto •  | • rollas ► _____  |
| conta • | • vidas ► _____   |
| saca •  | • falante ► _____ |

**2 Anota a palabra composta que corresponde en cada caso.**

- Barra das escaleiras onde se apoian as mans. ► \_\_\_\_\_
- Máquina que lava os pratos, os vasos, os cubertos... ► \_\_\_\_\_
- Persoa que se ocupa de vixiar os montes. ► \_\_\_\_\_
- Obxecto semellante a un coitelo para abrir as cartas. ► \_\_\_\_\_


**3 Le estas palabras compostas que se mesturaron e escribe as palabras correctas coa axuda dos debuxos.**

crebarraios

mataventos

paramoscas

papacabezas



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_


**LEMBRA**

As formas verbais expresan **número**: poden estar en **singular** ou en **plural**.

As formas verbais tamén expresan a **persoa** que realiza a acción: poden estar en **primeira**, en **segunda** ou en **terceira** persoa.

**1** Le o texto e arrodea de vermello os verbos en singular e de azul os verbos en plural.

Clara e Marta irán á excursión ás illas Cíes, pero as súas curmás, Laura e Rosa, aínda non o saben. Eu tamén irei. Por certo, Xoán, ti dixeches que si que virías, pero aínda non trouxeches a autorización. Ao final viredes Neves e ti? Que decidistes? Lembrade que mañá remata o prazo de inscrición...



**2** Subliña os verbos destas oracións e, ao acabar, clasifícaos.

- Eu irei a Italia.
- Elas xogan coa pelota.
- Nós comemos arroz.
- El le moi ben.
- Ti cantas rap?
- Vós sempre rideis.

Primeira persoa \_\_\_\_\_

Segunda persoa \_\_\_\_\_

Terceira persoa \_\_\_\_\_

**3** Completa esta táboa coas formas non persoais que faltan.

Infinitivo	Xerundio	Participio		
	batendo		batida	
		fuxido		fuxidas
xantar				xantadas

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## LEMBRA

As palabras que teñen como sílaba tónica a antepenúltima chámanse **palabras esdrúxulas**. As palabras esdrúxulas sempre levan acento gráfico.

### 1 Escribe a palabra que non é esdrúxula de cada grupo.

fábrica  
esdrúxula  
parasito  
máxico

tómbola  
páxina  
gárgola  
pelicano

cántiga  
informática  
atmosfera  
lóstrego

condutor  
época  
céspede  
árboore

### 2 Descubre a palabra esdrúxula que corresponde en cada caso.

- Materia que estuda os números e as operacións. ► \_\_\_\_\_
- Aparello que regula o paso de vehículos con luces de cores. ► \_\_\_\_\_
- Unidade de lonxitude equivalente a 1.000 metros. ► \_\_\_\_\_
- Letra máis grande con que se escriben os nomes propios. ► \_\_\_\_\_
- Gran construcción que servía de tumba aos antigos faraóns. ► \_\_\_\_\_

### 3 Copia as oracións escribindo as palabras esdrúxulas representadas.

- Pon o  e saberás se tes febre.

\_\_\_\_\_

- Hai unha  na ventá.

\_\_\_\_\_

- Esta  fai unhas fotos boísimas!

\_\_\_\_\_




Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## LEMBRA

Os sufíxos **diminutivos** indican tamaño pequeno e tamén expresan cariño. Son sufíxos diminutivos *-iño/-iña*.

Os sufíxos **aumentativos** indican tamaño grande. Son sufíxos aumentativos *-azo/-aza e -ón/-ona*.



## 1 Le o texto e clasifica as palabras destacadas no grupo correspondente.

Onte fomos xantar de campo co tío Paulo, a tía Saleta e a **curmanciña** Iria, todos no seu **cochazo** novo do trinque. Fomos a un lugar con **mesiñas** e **banquiños** de madeira debaixo dunha **arboraza** enorme preto dun **regatiño**. Mamá levou unha **cestaza** chea de bocadillos e os tíos un **pastelón** de chocolate que case non cabía na mesa! Iria e mais eu comemos a fartar! E os demás tamén, eh?



Son diminutivos

Son aumentativos

---



---



---



---



---

## 2 Risca as palabras que non sexan diminutivos.

espiña	baixiño	niño	xoaniña	cociña
mesiña	pelotiña	gatiño	saquiño	veciño

## 3 Escribe un diminutivo e un aumentativo para cada unha das seguintes palabras.

- flor ► \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_
- porta ► \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_
- dedo ► \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_
- peixe ► \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_
- moto ► \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_
- saquiño ► \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_
- veciño ► \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_